

## IV PLAN DE EQUIDADE DE XÉNERO DO CONCELLO DE OURENSE

Dirección e coordinación:  
Concellería de Igualdade. Concello de Ourense  
Beatriz López Varela e María Elena de Jesús Rodríguez

Autoría:  
Silvia Pérez Freire. Universidade de Vigo

Revisión lingüística:  
María Mediero Mayán

Edición:  
Andavira  
ISBN:

D. L:

Agradecementos:  
A cada unha das persoas que participaron neste traballo  
Ao persoal do Concello de Ourense  
Á Universidade de Vigo

## Índice

1. Presentación .....	5
1.1. Introducción .....	6
1.2. Obxectivos.....	7
1.3. Conclusións do seguimento das actividades levadas a cabo con anterioridade. ....	7
Antecedentes.....	7
1.4. Metodoloxía .....	10
1.5. Marco normativo de referencia .....	11
2. Elaboración do IV Plan de equidade.....	16
2.1. Poboación destinataria .....	17
2.2. Período de vixencia .....	17
2.3. Resultados. Técnicas aplicadas.....	17
Deseño das ferramentas .....	17
Claves da enquisa ao persoal e axentes municipais.....	17
Claves dos grupos de discusión para o persoal e os axentes do municipio: .....	18
Valoracións comparadas do diagnóstico .....	18
3. Liñas reitoras do IV Plan de equidade.....	20
Liña 1: Gobernanza .....	24
1.1. Obxectivos específicos.....	24
1.2. Medidas.....	24
Concellerías / Áreas responsables .....	25
Indicadores .....	26
Liña 2: Promoción da saúde e do deporte.....	28
2.1. Obxectivos específicos.....	28
2.2. Medidas.....	28
Concellerías / Áreas responsables .....	29
Indicadores .....	29
Liña 3: Economía e equidade.....	31
3.1. Obxectivos específicos.....	31
3.2. Medidas.....	31
Concellerías / Áreas responsables .....	32
Indicadores .....	32
Liña 4: Servizos e recursos institucionais.....	34
4.1. Obxectivos específicos.....	34
4.2. Medidas.....	34
Concellerías / Áreas responsables .....	35
Indicadores .....	35
Liña 5: Cidadanía e urbanismo.....	37
5.1. Obxectivos específicos.....	37
5.2. Medidas.....	37
Concellerías / Áreas responsables .....	38
Indicadores .....	38

Liña 6: Prevención das violencias de xénero.....	40
6.1 Obxectivos específicos.....	40
6.2 Medidas.....	40
Concellerías / Áreas responsables.....	41
Indicadores.....	42
4. Seguimento e avaliación.....	44
Anexos.....	47
Anexo I. Cuestionario diagnóstico e achega de medidas.....	48
Anexo II. Guión dos grupos de discusión.....	55
Anexo III. Actas do Consello Municipal da Igualdade de Oportunidades entre Mulleres e Homes e da Comisión de Investigación e Seguimento da Violencia de Xénero.....	56

---

\* Fonte da ilustración: [https://www.ourense.gal/static/public/img/puente\\_carbon.18355af90d8a.png](https://www.ourense.gal/static/public/img/puente_carbon.18355af90d8a.png)



## 1. Presentación

## 1. Introducción

As desigualdades entre homes e mulleres son unha realidade no noso contexto social. Así, malia que houbo un adianto na igualdade formal (creación de leis para a igualdade e a non discriminación e para a eliminación das formas de violencia para a muller) na consecución da igualdade real queda moito camiño por percorrer. De acordo co artigo 4 do Estatuto de Autonomía para Galicia, as institucións públicas teñen a obriga constitucional de «promover as condicións para que a liberdade e a igualdade do individuo e dos grupos nos cales se integra sexan reais e efectivas, remover os obstáculos que impidan ou dificulten a súa plenitude e facilitar a participación de todos os galegos e galegas na vida política, económica, cultural e social».

O Plan de equidade que actualmente presentamos a continuación é un instrumento que ten como finalidade orientar as políticas locais do Concello dende unha perspectiva feminista co obxectivo de promover as condicións que nos acheguen, de xeito gradual, a unha igualdade real e plena.

Este informe foi posible grazas á colaboración do persoal municipal, dos grupos políticos e do tecido asociativo que participaron no seu desenvolvemento. As estratexias e accións deseñadas pretenden dar resposta ao recoñecemento de moitas melloras necesarias para acadar o benestar social vinculado á equidade de xénero que se persegue.

## **2. Obxectivos**

Tendo en conta o anterior consideramos como obxectivos principais a acadar por parte deste diagnóstico social e da posterior elaboración do plan os seguintes:

- Coñecer as desigualdades existentes entre homes e mulleres no concello así como as oportunidades de cambio.
- Promover a participación igualitaria de homes e mulleres na vida política e pública.
- Favorecer a conciliación da vida familiar e laboral para homes e mulleres.
- Sensibilizar para o recoñecemento común de homes e mulleres da necesidade de eliminar os desequilibrios na sociedade e a súa responsabilidade compartida para conseguilo.

## **3. Conclusións do seguimento das actividades levadas a cabo con anterioridade.**

Como primeiro paso indispensable para comezar o traballo previsto debemos realizar un recoñecemento da situación actual tendo en consideración as conclusións da Avaliación do III Plan para a promoción da equidade de xénero 2017-2020 para proceder posteriormente a unha análise e elaboración de propostas de cambio e/ou recomendacións. Como consecuencia ás especiais circunstancias sanitarias derivadas da pandemia da COVID-19 no ano 2020, moitas das actividades programadas e pendentas de programar dese ano foron suspendidas e adiadas. Grazas ao seguimento realizado das actividades planificadas no III Plan para a promoción da equidade de xénero púidose coñecer aquelas accións que non chegaron a desenvolverse e así sometelas a unha nova valoración por parte dos axentes implicados para que, neste novo contexto, se puidesen sopesar as prioridades e, en calquera caso, sumalas ás propostas e achegas que se construírían no novo Plan.

### *Antecedentes*

Das 13 áreas de intervención do anterior Plan de equidade, someteuse á valoración das persoas participantes a importancia de incluír aquelas que non se puidesen executar a día de hoxe. Na seguinte táboa, dáse conta delas:

**Táboa 1. Medidas sometidas a valoración para a súa inclusión no actual Plan de equidade**

Áreas de intervención	N.º	Medidas valoradas
Corresponsabilidade da Administración na promoción da igualdade	5	1.7 Ofertar e acoller prácticas académicas e laborais no ámbito da igualdade e da conciliación 1.8 Ofrecer formación específica para a capacitación do persoal municipal en materia de xénero 1.10 Aplicar a perspectiva de xénero nos programas e proxectos municipais 1.11 Facer un recoñecemento público das áreas ou dptos. municipais que avanzaron en materia de igualdade. 1.12 Incorporar para todo o Concello un indicador da variable sexo/xénero nos rexistros/formularios
Promoción da igualdade no asociacionismo e na participación cidadá	2	2.3 Fomentar a creación de vogalías de muller/igualdade nos colectivos/asociacións de migrantes e promover o asociacionismo das mulleres migrantes. 2.6 Elaborar unha guía de recursos actualizada
Promoción das diversidades de xénero	2	3.2 Realizar cursos e/ou programas de inmersión lingüística para mulleres inmigrantes 3.11 Posicionarse dende o Concello na denuncia pública dos delitos de odio contra a diversidade
Promoción do benestar social en igualdade	4	4.1 Diseñar recomendacións técnicas para a aplicación da transversalidade de xénero no Concello 4.2 Incorporar baremos puntuables de igualdade nas bases dos pregos de contratación, concursos e convenios 4.3 Realizar reunións informativas das novas directrices técnicas de baremación para as empresas e entidades prestadoras de servizos para o Concello 4.8 Realizar obradoiros de promoción da autonomía para homes que viven sós: control de medicación, comidas saudables, autocoidados...
Promoción da igualdade dende a cultura, as artes e as bibliotecas	2	5.4 Previr de actitudes violentas e discriminatorias en bibliotecas, ludotecas e bebetecas. 5.5 Incluír valores de igualdade nas bases de concursos literarios, artísticos, fotográficos...
Promoción da igualdade dende o turismo	3	6.2 Diseñar un roteiro turístico na cidade para dar a coñecer o papel de mulleres ourensás destacadas. 6.3 Revisar e incluír nos folletos turísticos de referencias a contidos e imaxes que visibilicen o papel das mulleres na historia da cidade 6.5 Fomentar a participación no gremio da hostalería nos concursos, feiras e certames nos que colabore o Concello
Promoción da igualdade no deporte	2	7.3 Promover a organización dun campamento deportivo nos períodos vacacionais (colaboración con empresas/asociacións) 7.6 Planificar unha progresiva reforma arquitectónica e de instalación de cambiadores de cueiros nos equipamentos deportivos municipais
Promoción da igualdade dende a educación	1	8.9 Realizar cursos de formación en xénero e igualdade no ámbito da animación sociocultural



Áreas de intervención	N.º	Medidas valoradas
Promoción da igualdade de oportunidades no emprego	3	9.7 Desenvolver programas de «madríñaxe» (fomento do autoemprego das mulleres e troca de experiencias) 9.10 Relanzar os plans de empresa e realizar un seguimento personalizado 9.11 Relanzar a feira do emprendemento feminino
Promoción da igualdade no uso do espazo público, na planificación urbanística, na mobilidade e no medio ambiente	2	10.3 Promover a creación de salas de aleitamento e de cambio de cueiros nos edificios públicos, especialmente nos municipais 10.6 Consultar ao Consello Municipal de Mulleres a idoneidade das liñas de transporte urbano
Promoción dunha linguaxe e imaxes non-sexistas	2	11.2 Redactar un compromiso (cláusula común) sobre o emprego da linguaxe inclusiva e non sexista (Concello e extensible ás entidades colaboradoras) 11.6 Realizar un recoñecemento público con carácter anual da área ou dpto. que avanzase na incorporación da linguaxe inclusiva e non-sexista
Prevenición das violencias de xénero	2	12.1.4 Realizar formación en materia de violencia de xénero para profesionais: indicadores de detección, protocolos, recursos etc. 12.2.2 Garantir que a cidade de Ourense posúa pisos de transición para as situacións de violencia
Promoción da igualdade na saúde	5	13.2 Impulsar un estudo sobre hábitos nutricionais e de saúde que teñan en conta os factores de xénero 13.7 Desenvolver programas de saúde materno-infantil (aleitamento, sexualidade durante o embarazo, masaxes para bebés etc) 13.9 Coordinar conxuntamente co hospital o banco de leite do concello 13.10 Difundir o programa «Aleitar e traballar» de fomento da conciliación e da corresponsabilidade 13.11 Realizar obradoiros de supervivencia doméstica, corresponsabilidade no fogar, tarefas de coidado de maiores e menores, autocoidado e cociña só para homes (nenos, mozos ou maiores)

Fonte: Informe de seguimento das actividades levadas a cabo no ano 2020

#### 4. Metodoloxía

O emprego dun diagnóstico participante vén fundamentado na asunción do paradigma sociocrítico na investigación social, que concibe as persoas como co-creadoras da súa propia realidade na que participan a través das súas experiencias, imaxinación e intuición, así como dos seus pensamentos e accións, acadando como resultado o significado tanto individual coma colectivo. Colás Bravo (Buendía Eximan, Colás Bravo e Hernández Pina, 1999:261) sinala como elementos clave desta investigación os seguintes:

- a) Fundaméntase na ciencia da acción: procura a identificación das teorías que empregan as/os actrices/actores para guiar as súas condutas así como para predicir as súas consecuencias.
- b) O coñecemento constrúese e aplícase dende e para a acción: esfórzase na comprobación sistemática da teoría nos contextos vivenciais.
- c) A construción da realidade comeza a manifestarse a través da acción reflexiva das persoas e das comunidades.
- d) Outórgalle grande importancia ao coñecemento experiencial xerando á súa vez a participación das/os outras/os.

Para tal, empregouse a conxunción de técnicas cuantitativas e cualitativas: a enquisa e os grupos de discusión.

## 5. Marco normativo de referencia

O contexto de dereitos adquiridos que paso a paso se foron labrando para as mulleres posúen varios planos de recoñecemento institucional e a continuación faremos un breve resumo de cales son as normas de referencia que apuntalan a necesidade de dar continuación a este labor en prol da igualdade entre homes e mulleres.

### ✿ Ámbito internacional:

Norma	Claves
Declaración Universal dos Dereitos Humanos (1948)	Recoñecemento dos dereitos das mulleres
Conferencias Mundiais sobre a Muller (ONU): México (1975), Copenhague (1980), Nairobi (1985), Beixín (1995)	Obxectivos da axenda mundial pola igualdade
Convención sobre a eliminación de todas as formas de discriminación contra a muller (CEDAW) de 1979, ratificada por España en 1983	UE
Convenios laborais da Organización Internacional do Traballo (OIT)	Igualdade en materia laboral: remuneración, convenio, discriminación no emprego, ocupación, protección da maternidade etc.
Protocolo para previr, reprimir e sancionar a trata de persoas, especialmente mulleres e nenas e nenos, que complementa a Convención das Nacións Unidas contra a Delincuencia Organizada Transnacional (protocolo de Palermo, 2000)	Establece o marco normativo internacional en materia de trata de persoas

✿ **Ámbito europeo:**

<b>Norma</b>	<b>Claves</b>
Tratado de Ámsterdam	Acordo comunitario para a implementación da perspectiva de xénero na comunidade europea
Carta dos Dereitos Fundamentais da UE (2000)	A igualdade como principio e as accións positivas como ferramenta
O Tratado de funcionamento da UE (2019), art.23	Igualdade na retribución e no emprego
Directiva 2006/54/CE do Parlamento Europeo e do Consello do 5 de xullo do 2006	Igualdade de trato no ámbito laboral
Carta europea para a igualdade de mulleres e homes na vida local (Consello de Municipios e Rexións de Europa e os seus asociados, 2006)	Saliéntase o papel das entidades locais como as esferas idóneas para intervir na poboación en materia de igualdade.
Convenio sobre prevención e Loita contra a violencia contra a muller e a violencia doméstica, subscrito en Istambul o 11 de maio de 2011 e ratificado por España no 6 de xuño de 2014	Marcos de violencia contra a muller e actuacións institucionais
Estratexia de igualdade de xénero 2020-2025, adoptada pola Comisión ao Parlamento Europeo, ao Consello, ao Comité Económico e Social Europeo e ao Comité das Rexións (2020)	Compromisos na eliminación das fendas de xénero así como da violencia e os estereotipos
Estratexia da Unión sobre os Dereitos das Vítimas (2020-2025)	Comunicación no marco da igualdade que vén a reforzar a loita contra a violencia
Plan de acción para a igualdade de xénero e o apoderamento das mulleres na acción exterior 2021-2025 (GAP III) da UE	O seu obxectivo é acelerar o progreso no apoderamento das mulleres e nenas preservando os avances acadados.
Fondos Europeos: período 2021-2027. Regulamentos UE 2021/1056, 2021/1057, 2021/1058, 2021/1059, 2021/1060	Establécense os procedementos polos que se outorgan axudas para a cohesión, transición e sostibilidade das nacións.

✱ **Ámbito estatal**

<b>Norma</b>	<b>Claves</b>
Constitución Española, arts.14 e 9.2	A igualdade de xénero como dereito e liberdade
Lei 39/1999, do 5 de novembro, de conciliación da vida familiar e laboral das persoas traballadoras	Fomento no ámbito laboral do equilibrio da vida familiar co traballo
Lei orgánica 1/2004, do 28 de decembro, de medidas de protección integral contra a violencia de xénero	Medidas integrais para os casos de violencia de xénero (prevención e sensibilización)
Lei orgánica 3/2007, do 22 de marzo, para a igualdade efectiva de mulleres e homes, art. 1	Facer que o dereito á igualdade sexa efectivo e real, particularmente coa eliminación das discriminacións.
Protocolo marco de protección das vítimas de trata, 2011	Tratamento das fases dunha posible vítima de trata dende a súa detección, actuacións que se levarán a cabo e mecanismos necesarios de coordinación institucional.
Real decreto-lei 6/2019, do 1 de marzo, de medidas urxentes para a garantía da igualdade de trato e de oportunidades entre mulleres e homes no emprego e na ocupación	Desenvolvemento legislativo da anterior norma da igualdade efectiva (permisos, prestacións, dependencia etc.)
Real decreto 902/2020 do 13 de outubro	Igualdade retributiva entre homes e mulleres no traballo (non só iguais, senón de igual valor).
Real decreto 901/2020 do 13 de outubro	Regulación dos plans de igualdade e o seu rexistro
Real decreto-lei 16/2022 do 6 de setembro para a mellora das condicións de traballo e de seguridade social das persoas traballadoras do servizo do fogar	Equiparación dos dereitos laborais (protección no desemprego) para as mulleres asalariadas do sector
Plan estratéxico de igualdade de oportunidades 2019-2022	Liñas e pautas de actuación destinadas a crear un escenario de equidade de xénero no ámbito laboral e social
Plan estratéxico nacional contra a trata e a explotación de seres humanos 2021-2023	Directrices na prevención, acción e sensibilización da trata de persoas en España
Plan de acción contra la explotación sexual de nenas, nenos e adolescentes do sistema de protección da infancia	Vocación integral

<b>Norma</b>	<b>Claves</b>
Lei orgánica 10/2022, do 6 de setembro, de garantía integral da liberdade sexual	Garantías de prevención, detección, sensibilización e asistencia integral, especializada e accesible en materia de saúde sexual, tratamento das vítimas de violencia sexual e o dereito á reparación
Real decreto 586/2022, do 19 de xullo, polo que se modifica o regulamento de asistencia xurídica gratuíta, aprobado polo Real decreto 11/2021, do 9 de marzo	Modificación do regulamento pola que os avogados condenados por violencia de xénero na quenda de oficio non poderán exercer en asuntos relacionados con violencia de xénero nas quendas especializadas

✿ **Ámbito autonómico**

<b>Norma</b>	<b>Claves</b>
Estatuto de Autonomía de Galicia, art. 4.2	A liberdade e a igualdade como compromiso dos poderes públicos
Decreto legislativo 2/2015, do 12 de febreiro	Disposicións legais refundidas en materia de igualdade
Lei 11/2007, do 27 de xullo, para a prevención e o tratamento integral da violencia de xénero (modificada pola Lei 12/2016, do 22 de xullo, e a Lei 14/2021, do 20 de xullo), art. 1.1	Medidas integrais para a sensibilización, prevención e tratamento da violencia de xénero. A explotación sexual de mulleres e nenas é recoñecido como violencia de xénero
Decreto 130/2016, do 15 de setembro	Regulación dos centros de información á muller
VIII Plan estratéxico de Galicia para a igualdade de oportunidades entre homes e mulleres 2022-2027	Instrumento de planificación para acadar a igualdade: xestión pública con perspectiva de xénero
Lei 2/2014 do 14 de abril, pola igualdade de trato e a non-discriminación de lesbianas, gais, transexuais, bisexuais e intersexuais en Galicia, art. 1.1	Garantir a igualdade de trato e non discriminación por razón de orientación sexual e identidade de xénero das persoas homosexuais, bisexuais, transexuais, transxénero e intersexuais
I Plan de actuacións para a igualdade nos centros educativos de Galicia 2016-2020 da Secretaría Xeral de Igualdade da Xunta de Galicia	Inicio do compromiso na creación dun modelo formativo baseado na igualdade, o respecto e a liberdade

<b>Norma</b>	<b>Claves</b>
Plan estratéxico de Galicia 2021-2030	Afondar no aliñamento da axenda global e os seus 17 ODS (Obxectivos de Desenvolvemento Sostible)
Decreto 86/2015 do 25 de xuño, art. 4	Currículo da educación secundaria obrigatoria e do bacharelato
Protocolo de actuación institucional sobre adopción de medidas de prevención, investigación e tratamento ás mulleres vítimas de trata con fins de explotación sexual, Xunta de Galicia, 2012	Primeiro dos documentos onde se regulan os procedementos de detección e identificación de vítimas de trata
I Plan estratéxico de Galicia para combater a vulneración de dereitos das mulleres vítimas de trata	Liñas reitoras polas que se establecen os compromisos en diversas esferas da Administración pública e da sociedade para o tratamento das vítimas de trata



## **2. Elaboración do IV Plan de equidade**



### 1. Poboación destinataria

A cidadanía de Ourense. Este IV Plan de equidade tenta inspirar a consolidación dos principios reitores que axuden a acadar a igualdade real dos homes e mulleres do concello.

### 2. Período de vixencia

O período de vixencia técnica do IV Plan é desde o ano 2022 ata finais de 2024, prorrogado ata a aprobación do seguinte instrumento e, en todo caso, por un máximo dun ano.

### 3. Resultados. Técnicas aplicadas

#### *Deseño das ferramentas*

a) O deseño do cuestionario da enquisa para o persoal e axentes sociais municipais concibiuse de acordo aos seguintes bloques temáticos (ver o anexo I):

- Características das persoas colaboradoras
- Consideracións previas do anterior III Plan para a promoción da equidade de xénero
- Valoracións para implementar no IV Plan de equidade.

b) O deseño do guión dos grupos de discusión para o persoal e os axentes sociais municipais baseouse nos seguintes bloques temáticos (ver o anexo II):

- Valoración de cada área de intervención do Plan de Igualdade. Prioridades.
- Necesidades detectadas e demandas
- Expectativas futuras e recomendacións

#### *Claves da enquisa ao persoal e axentes municipais*

a) Sexo: Do total das persoas participantes un 75,6 % corresponde a mulleres (n. 34) e un 24,4 % a homes (n. 11), polo que o peso feminino da mostra é salientable.

**Táboa. Sexo**

	Frecuencia (n.)	Porcentaxe (%)
<b>Mulleres</b>	<b>34</b>	75,60
Homes	11	24,40
Total	45	100,00

b) Idade: A desagregación por grupos de idade amosa unha maior presenza de repostas correspondentes aos rangos de idades inferiores aos 54 anos (75,56 %, n. 34), seguidos polo grupo de 55 a 60 anos (15,56 %, n. 7). Existiu unha única participante de entre 66 a 70 anos e non houbo ningún participante de entre 71 a 75 anos nin de máis de 75 anos.

**Táboa. Grupos de idade**

	n.			%		
	Mulleres	Homes	Total	Mulleres	Homes	Total
Menos de 54 anos	26	8	34	57,8	17,8	75,56
De 55 a 60 anos	5	2	7	11,1	4,4	15,56
De 61 a 65 anos	2	1	3	4,4	2,2	6,66
De 66 a 70 anos	1		1	2,2		2,22
De 71 a 75 anos						
Máis de 75 anos						
Total	34	11	45	75,6	24,4	100,00

*Claves dos grupos de discusión para o persoal e os axentes do municipio:*

a) A composición dos grupos de discusión desenvóléronse dentro do marco das reunións do Consello Municipal da Igualdade de Oportunidades entre mulleres e homes e a Comisión de Investigación e Seguimento da Violencia de Xénero en cuxas ordes do día se comunicou previamente a inclusión do debate, que resultou moi fructífero e participativo e ocupou a maior parte do tempo dos encontros.

**Táboa. Participantes nos grupos de discusión-1**

Código	Datas de realización	Participantes
GD1	20/10/2021	Ver acta (anexo IV)
GD2	08/11/2021	Ver acta (anexo IV)


*Valoracións comparadas do diagnóstico*

A continuación sinálanse as achegas máis relevantes realizadas polas persoas participantes na enquisa e nos grupos de discusión, onde se tivo en consideración:

a) Incluír todas e cada unha das medidas que non se puideron realizar, pero que se atopaban planificadas no anterior Plan de equidade e que foron valoradas, en termos xerais, positivamente por parte dos persoal e dos axentes municipais (a

maior parte das respostas foron na liña de considerar bastante impotante e moi importante a necesidade de telas en conta neste plan actual).

**Gráfica. Importancia das medidas programadas que non poideron realizarse nas áreas 11), 12) e 13) valorando a necesidade de incluílas no IV Plan**



Correspondencia dos códigos da táboa 1 (páx.9)

- b) As respostas recibidas na solicitude distribuíronse seguindo as liñas reitoras do plan actual uníndose á sistematización mediante a agrupación das semellantes e a exclusión das reiteracións. O resultado foi o seguinte:


**Táboa. Número de medidas achegadas polos participantes no diagnóstico**

Liñas reitoras	N.º
Liña 1 (Gobernanza) e Liña 2 (Promoción na saúde e no deporte)	40
Liña 3 (Economía e equidade) e Liña 4 (Servizos e recursos institucionais)	37
Liña 5 (Cidadanía e urbanismo) e 6 (Prevención das violencias de Xénero)	46



### **3. Liñas reitoras do IV Plan de equidade**

A continuación indícanse a estrutura pola que se rexe o IV Plan de equidade. Nel sinálanse as principais liñas reitoras e os seus obxectivos. Máis adiante, afondaremos en cada liña reitora e nas medidas e indicadores adscritos a elas.



### 1. Gobernanza

Os procesos de goberno, institucións, procedementos e prácticas. Os seus obxectivos específicos son:

- Transversalizar a igualdade.
- Establecer compromisos en materia de igualdade.
- Promover os valores igualitarios.

### 2. Promoción na saúde e no deporte

Facilitar accións específicas que repercutan directa e indirectamente na mellora da saúde das mulleres e na súa implicación no deporte. Os seus obxectivos específicos son:

- Mellorar a calidade de vida e inclusión das mulleres na práctica deportiva.
- Mellorar a inclusión das mulleres nos servizos de saúde e deportivos.
- Promocionar a calidade de vida das mulleres.

### 3. Economía e equidade

Impulsar a accesibilidade aos recursos de conciliación, formación e corresponsabilidade. Os seus obxectivos específicos son:

- Mellorar a calidade de vida das mulleres no eido laboral.
- Seguir a reforzar a equidade de xénero na comunidade educativa.

### 4. Servizos e recursos institucionais

Conxunto de bens municipais destinados ao cuidado das persoas. Os seus obxectivos específicos son:

- Garantir que os servizos municipais ofrezan unha atención integral e igualitaria.
- Seguir a promocionar as actividades culturais e artísticas.
- Visibilizar e promocionar os servizos e recursos municipais nas zonas rurais.

### 5. Cidadanía e urbanismo

O exercicio activo de pertencer a unha cidade habitable. Os seus obxectivos específicos son:

- Impulsar a cidade como un espazo amigable e igualitario.
- Promocionar a participación cidadá e o asociacionismo local.
- Fortalecer a divulgación turística con perspectiva de xénero.
- Mellorar a mobilidade e sostibilidade da contorna.

### 6. Prevención das violencias de xénero

A sensibilización na violencia de xénero. Os seus obxectivos específicos son:

- Fortalecer a coordinación dos procesos de detección e tratamento das vítimas de violencia de xénero.
- Potenciar a información e a prevención de todas as formas de violencia contra as mulleres.

- Garantir que os recursos proporcionen unha resposta axustada ás necesidades das mulleres en situación de especial vulnerabilidade.

## **Liña 1: Gobernanza**

Os procesos de goberno, institucións, procedementos e prácticas mediante os cales se decide e regula a igualdade de xénero para o conxunto da sociedade.

### **1.1 Obxectivos específicos**

- Transversalizar a igualdade, isto é, desenvolver a implementación da perspectiva de xénero na entidade local en distintas esferas da organización municipal.
- Establecer un compromiso na implementación das actuacións planificadas fortalecendo as estruturas de xestión e coordinación en materia de igualdade.
- Promover os valores igualitarios en todos os niveis de representación local potenciando a implicación do persoal político e técnico e proxectar tal promoción cara a toda a poboación do concello.

### **1.2 Medidas**

1. Aplicar a perspectiva de xénero nos programas e proxectos municipais.
2. Facer un recoñecemento público das áreas ou departamentos municipais que avanzaron en materia de igualdade.
3. Incorporar para todo o Concello un indicador da variable sexo/xénero nos rexistros/formularios.
4. Diseñar recomendacións técnicas para a aplicación da transversalidade de xénero no Concello.
5. Incorporar baremos puntuables de igualdade nas bases dos pregos de contratación, concursos e convenios.
6. Realizar reunións informativas das novas directrices técnicas de baremación para as empresas e entidades prestadoras de servizos para o Concello.
7. Redactar un compromiso (cláusula común) sobre o emprego da linguaxe inclusiva e non-sexista (no Concello e extensible ás entidades colaboradoras).
8. Realizar un recoñecemento público con carácter anual da área ou departamento que máis avanzase na incorporación da linguaxe inclusiva e non-sexista.
9. Promocionar a existencia de líderes municipais femininas para a visibilización do apoderamento das mulleres.



10. Formar en materia de igualdade a todos os cargos institucionais e o persoal municipal.
11. Reforzar o principio de igualdade a través da transparencia no exercicio do goberno mellorando os sistemas de información e acceso das actuacións das distintas áreas do Concello.
12. Fomentar a paridade por razón de sexo nas xefaturas de servizo.
13. Incorporar aos orzamentos municipais dun informe de impacto de xénero no seu desenvolvemento.
14. Integrar a perspectiva de xénero nas actuacións en todas ás áreas da organización municipal.
15. Iniciar un plan de igualdade para o persoal do Concello.
16. Organizar oferta formativa específica en perspectiva de xénero para o persoal político do Concello.
17. Difundir entre todo o persoal municipal e político (empregadas/os de todas as áreas como protección civil, policía locais, persoal de servizos de transporte etc.) un paquete de recursos existentes (ben elaborados do propio Concello ou doutras administracións públicas e entes sociais) en materia de igualdade e prevención de violencia de xénero.
18. Realizar un seguimento continuado do actual Plan de equidade avaliando os obxectivos e medidas aprobadas.
19. Difundir o Plan de equidade entre a cidadanía, especialmente, nos centros socioculturais, asociacións, bibliotecas, centros de saúde e outros espazos públicos onde se informen dos recursos institucionais en materia de igualdade.
20. Presentar publicamente o Plan de equidade co apoio político e técnico.

*Concellerías / Áreas responsables*

Todas, sinaladamente a Alcaldía, co asesoramento da Área de Igualdade.

*Indicadores*

- N.º de medidas desenvolvidas e ano de realización
- N.º de actuacións levadas a cabo en cada medida
- N.º de persoas participantes desagregadas por sexo
- N.º de incidencias detectadas na realización da actuación
- N.º de propostas de mellora na medida desenvolvida

N O T A S



## **Liña 2: Promoción da saúde e do deporte**

Facilitar accións específicas que repercutan directa e indirectamente na mellora da saúde das mulleres e na súa implicación no deporte. Os hábitos de vida saudables e o seu vínculo coas prácticas deportivas fan necesario que se establezan medidas que pivoten ao redor destas dúas esferas da vida de forma conxunta. Os seus obxectivos específicos son:

### **2.1 Obxectivos específicos**

- Mellorar a inclusión das mulleres nos servizos de saúde e deportivos, especialmente, das mulleres migrantes.
- Mellorar a calidade de vida e inclusión das mulleres na práctica deportiva
- Promocionar os hábitos saudables, especialmente, nas mulleres novas e nas nenas.

### **2.2 Medidas**

1. Promover a organización dun campamento deportivo nos períodos de vacacións (en colaboración con empresas/asociacións).
2. Impulsar un estudo sobre hábitos nutricionais e de saúde que teñan en conta os factores de xénero.
3. Desenvolver programas de saúde materno-infantil (aleitamento, sexualidade durante o embarazo, masaxes para bebés etc).
4. Coordinar conxuntamente co hospital o banco de leite do concello.
5. Difundir o programa «Aleitar e traballar» de fomento da conciliación e da corresponsabilidade.
6. Fomentar o deporte de equipos mixtos ata idades adolescentes.
7. Organizar eventos deportivos que fomenten e visibilicen a práctica deportiva das mulleres, especialmente para a xuventude.
8. Poñer en marcha de programas de saúde materno-infantil.
9. Fomentar a práctica deportiva como estratexia de integración das mulleres migrantes.
10. Promover as actividades deportivas polo día e pola noite para a xuventude.

11. Impulsar competicións deportivas mixtas, así como os xogos cooperativos.
12. Desenvolver actividades nocturnas alternativas ao ocio vencellado ao botellón.
13. Potenciar a educación en valores de igualdade no ámbito do deporte fomentando a participación de nenas e rapazas nas actividades físico-deportivas programadas en idade escolar.
14. Estabilizar a implementación da perspectiva de xénero na actividade de planificación e xestión deportiva municipal, así como na adaptación requirida das súas infraestruturas (vestiarios, uso dos espazos en horarios equitativos etc).
15. Formar en igualdade a profesionais, axentes e entidades do tecido deportivo promovendo a participación das mulleres nos postos de decisión.
16. Realizar obradoiros e charlas de saúde e autocoidado nas que se aborden especificamente temáticas que afectan de maneira maioritaria ás mulleres: endometriose, cancro de mama, osteoporose, menopausia etc.
17. Programar campañas informativas sobre saúde e xénero con outras entidades municipais.
18. Difundir nos centros educativos campañas sobre o fomento da práctica deportiva na xuventude visibilizando referentes femininas en diversos deportes.

#### *Concellerías / Áreas responsables*

Deportes; Política Social e Área de Sanidade, principalmente; Turismo, Termalismo, Participación Cidadá e Xuventude (Área de Xuventude), e Artes e Festexos. As áreas responsables poden contar co asesoramento da Área de Igualdade (CIMM).

#### *Indicadores*

- N.º de medidas desenvolvidas e ano de realización
- N.º de actuacións levadas a cabo en cada medida
- N.º de persoas participantes desagregadas por sexo
- N.º de incidencias detectadas na realización da actuación
- N.º de propostas de mellora na medida desenvolvida

N O T A S



### **Liña 3: Economía e equidade**

Impulsar a accesibilidade aos recursos de conciliación, formación e corresponsabilidade. Os seus obxectivos específicos son:

#### **3.1 Obxectivos específicos**

- Mellorar o fomento da igualdade de oportunidades no eido laboral.
- Seguir a reforzar a equidade de xénero, con especial incidencia, na comunidade educativa.

#### **3.2 Medidas**

1. Ofertar e acoller prácticas académicas e laborais no ámbito da igualdade e da conciliación.
2. Ofrecer formación específica para a capacitación do persoal municipal en materia de xénero.
3. Realización de obradoiros de promoción da autonomía para homes que viven sós: control de medicación, comidas saudables, autocoidados...
4. Incluír valores de igualdade nas bases de concursos literarios, artísticos, fotográficos etc.
5. Fomentar a participación do gremio de hostalería nos concursos, feiras e certames nos que colabore o Concello.
6. Realizar cursos de formación en xénero e igualdade no ámbito da animación sociocultural.
7. Desenvolver programas de «madríñaxe» (fomento do autoemprego das mulleres e troca de experiencias).
8. Relanzar os plans de empresa e levar un seguimento personalizado.
9. Relanzar a feira do emprendemento feminino.
10. Realizar obradoiros de supervivencia doméstica, corresponsabilidade no fogar, tarefas de coidado de maiores e menores, autocoidado e cociña só para homes (nenos, mozos ou maiores).

11. Incorporar mecanismos para garantir a transparencia retributiva segundo a aplicación do principio de igualdade entre homes e mulleres para o seu efectivo cumprimento.
12. Realizar un estudo que cuantifique en termos económicos o traballo non remunerado das mulleres no concello.
13. Editar unha guía de uso non-sexista da linguaxe municipal.
14. Integrar os riscos psicosociais en materia de prevención de riscos laborais: atención práctica e formación.
15. Realizar obradoiros de bos tratos e corresponsabilidade en colaboración coas ANPAS.
16. Incrementar a colaboración cos centros de ensino do concello (especialmente nos infantís en materia de equidade).
17. Promover a formación en educación sexual dende unha perspectiva holística.
18. Concienciar as entidades empresariais municipais sobre a importancia da igualdade e a prevención dos estereotipos de xénero, sobre todo, no que atangue ás mulleres de colectivos en situación de especial vulnerabilidade (insistindo na conciliación e na responsabilidade social corporativa).

#### *Concellerías / Áreas responsables*

Contratación; Economía e Facenda; Impulso Educativo (Área de Educación); Promoción Económica (Área de Promoción Económica, Industria e Emprego); Turismo, Termalismo, Participación Cidadá e Xuventude (Área de Xuventude). As áreas responsable poden contar co asesoramento da Área de Igualdade (CIMM).

#### *Indicadores*

- N.º de medidas desenvolvidas e ano de realización
- N.º de actuacións levadas a cabo en cada medida
- N.º de persoas participantes desagregadas por sexo
- N.º de incidencias detectadas na realización da actuación
- N.º de propostas de mellora na medida desenvolvida



N O T A S



## **Liña 4: Servizos e recursos institucionais**

Conxunto de bens municipais destinados ao coidado das persoas dende as distintas esferas da vida (infraestruturas e arte). Os seus obxectivos específicos son:

### **4.1 Obxectivos específicos**

- Garantir que os servizos municipais ofrezan unha atención integral e igualitaria.
- Seguir a promocionar as actividades culturais e artísticas incluíndo valores de equidade entre homes e mulleres.
- Visibilizar e promocionar os servizos e recursos municipais nas zonas rurais.

### **4.2 Medidas**

1. Fomentar a creación de vogalías de muller/igualdade nos colectivos/asociacións de migrantes e promover o asociacionismo das mulleres migrantes.
2. Elaborar unha guía de recursos municipais actualizada e difundila na páxina web municipal e entre as entidades colaboradoras, centros socioculturais, e bibliotecas do concello.
3. Realizar cursos e/ou programas de inmersión lingüística para mulleres inmigrantes.
4. Promover a creación de salas de aleitamento e de cambio de cueiros nos edificios públicos, especialmente nos municipais.
5. Crear máis garderías gratuítas.
6. Aumentar os recursos de apoio para as familias monomarentais.
7. Mellorar e aumentar o contacto e a comunicación coas asociacións veciñais, especialmente vencelladas ao colectivo migrante.
8. Reforzar os recursos municipais de axuda no fogar.
9. Ampliar os recursos designados a persoas ou familias en situación de vulnerabilidade para apoiar a súa conciliación.
10. Formar no uso dos recursos tecnolóxicos municipais para facilitar os trámites administrativos, especialmente entre as mulleres de avanzada idade.

11. Ampliar os recursos designados para o fomento da autonomía e a igualdade nas mulleres rurais, visibilizando a súa contribución á transformación do medio rural, e á súa innovación.

*Concellerías / Áreas responsables*

Artes e Festexos; Política Social (Área de Asuntos Sociais); Recursos Humanos; Seguridade Cidadá (Área de Voluntariado), e Turismo, Termalismo, Participación Cidadá e Xuventude (Área de Participación Cidadá). As áreas responsables poden contar co asesoramento da Área de Igualdade (CIMM).

*Indicadores*

- N.º de medidas desenvolvidas e ano de realización
- N.º de actuacións levadas a cabo en cada medida
- N.º de persoas participantes desagregadas por sexo
- N.º de incidencias detectadas na realización da actuación
- N.º de propostas de mellora na medida desenvolvida

N O T A S



## Liña 5: Cidadanía e urbanismo

O exercicio activo de pertencer a unha cidade habitable tendo en consideración as distintas orixes, condicións e necesidades da poboación. Os seus obxectivos específicos son:

### 5.1 Obxectivos específicos

- Impulsar a cidade como un espazo amigable e igualitario.
- Promocionar a participación cidadá e o asociacionismo local.
- Fortalecer a divulgación turística con perspectiva de xénero.
- Mellorar a mobilidade e a sostibilidade da contorna.

### 5.2 Medidas

1. Diseñar un roteiro turístico na cidade para dar a coñecer o papel de mulleres ourensás destacadas.
2. Revisar e incluír nos folletos turísticos de referencias a contidos e imaxes que visibilicen o papel das mulleres na historia da cidade.
3. Planificar unha progresiva reforma arquitectónica e para a instalación de cambiadores de cueiros nos equipamentos deportivos municipais.
4. Consultar ao Consello Municipal de Mulleres a idoneidade das liñas de transporte urbano.
5. Fomentar a participación da cidadanía en proxectos urbanísticos.
6. Incrementar as axudas de emerxencia para facilitar o acceso a unha vivenda por parte de familias en situación de vulnerabilidade social.
7. Levar a cabo accións de mellora específicas no estado de configuración do espazo público con perspectiva de xénero.
8. Mellorar a accesibilidade aos servizos municipais para as persoas con mobilidade reducida: eliminación das barreiras arquitectónicas nos edificios institucionais, na rúa (centro urbano, principalmente).
9. Promover a humanización da cidade coa creación de espazos «verdes» onde non existan.

10. Garantir o coidado dos parques e xardíns do concello (revisión dos espazos).
11. Constatar e aplicar, onde sexa posible, paradas dos servizos públicos de transporte preto das escolas e centros educativos para facilitar a mobilidade das nenas e nenos.
12. Promover os espazos de lactación e cambiadores nos espazos municipais e de tránsito e/ou espera de crianzas.

#### *Concellerías / Áreas responsables*

Limpeza e Medio ambiente (Áreas de Limpeza Viaria e Medio Ambiente); Mobilidade e transporte (Área de Transporte Público); Obras Públicas e Servizos Urbanos (Área de Infraestruturas), Seguridade Cidadá (Área de Seguridade Cidadá); Turismo, Termalismo, Participación Cidadá e Xuventude (Área de Turismo e Termalismo) e Urbanismo, Vivenda e Patrimonio (áreas de Urbanismo, Licenzas e Vivenda). As áreas responsables poden contar co asesoramento da Área de Igualdade (CIMM).

#### *Indicadores*

- N.º de medidas desenvolvidas e ano de realización
- N.º de actuacións levadas a cabo en cada medida
- N.º de persoas participantes desagregadas por sexo
- N.º de incidencias detectadas na realización da actuación
- N.º de propostas de mellora na medida desenvolvida

N O T A S



## **Liña 6: Prevención das violencias de xénero**

A sensibilización na violencia de xénero é un puntal para a previr e garantir os dereitos das mulleres e crianzas nunha situación de maltrato. Os seus obxectivos específicos son:

### **6.1 Obxectivos específicos**

- Fortalecer a coordinación dos procesos de detección e tratamento das vítimas de violencia de xénero.
- Potenciar a información e a prevención de todas as formas de violencia contra as mulleres.
- Impulsar que os recursos proporcionen unha resposta axustada ás necesidades das mulleres en situación de especial vulnerabilidade.

### **6.2 Medidas**

1. Realizar formación en materia de violencia de xénero para profesionais: indicadores de detección, protocolos, recursos etc.
2. Garantir que a cidade de Ourense posúa pisos de transición para as situacións de violencia.
3. Incrementar as axudas para a xestión das rendas de mulleres en situación de especial vulnerabilidade derivas de situacións de violencia de xénero.
4. Desenvolver accións positivas destinadas ás mulleres ourensás empobrecidas.
5. Ofrecer asesoramento e apoio institucional para a liquidación de hipotecas ou préstamos establecidos en común co agresor de vítimas de violencia de xénero.
6. Realizar un estudo de valoración para a creación dunha casa de acollida para vítimas de violencia de xénero de carácter municipal.
7. Apoiar o incremento de axudas económicas e mellora da empregabilidade para as vítimas de violencia de xénero.
8. Formar sobre a construción das masculinidades violentas.
9. Reforzar o cadro de persoal da Concellería de Igualdade.
10. Impulsar os puntos de información cidadá sobre as agresións machistas.



11. Implementar un sistema de microcréditos municipal para as vítimas de violencia de xénero en condicións de especial vulnerabilidade (extrema pobreza).
12. Desenvolver actividades preventivas da violencia sexual na xuventude dende discursos baseados na deconstrución do machismo e o racismo existente.
13. Promover a coordinación interinstitucional para intervir socialmente nos casos de violencia de xénero (articular a comunicación permanente cos axentes xurídicos do concello).
14. Impulsar o recurso municipal do CIM: estabilización do seu persoal adscrito adaptado ás necesidades e cumprimento das actuacións programadas.
15. Realizar campañas de sensibilización sobre a trata sexual entre a xuventude e cidadanía do concello, incluídas campañas destinadas ao desalento da demanda de consumo de prostitución.
16. Formar en materia de trata sexual ao persoal político e municipal a través de xornadas, obradoiros e charlas informativas.
17. Reforzar os mecanismos de prevención e protección fronte á violencia de xénero nas zonas rurais (información e concienciación).
18. Difundir as especificidades da violencia de xénero en colectivos especialmente vulnerables (con diversidade funcional: xordeira etc.).
19. Fomentar a detección precoz da violencia de xénero e sexual na poboación escolar mediante a activación de mecanismos de resposta proactiva a través da organización interna dos centros.
20. Desenvolver iniciativas de sensibilización e formación nas familias en materia de igualdade de xénero e prevención da violencia (comunicación non violenta, corresponsabilidade e eliminación de estereotipos sexistas).
21. Concienciar sobre a prevención da violencia dixital: sextorsión (sexting), o cyberbulling, o grooming ou o ciberacoso e abuso sexual na xuventude.

*Concellerías / Áreas responsables*

Principalmente Política Social (Área de Igualdade) e colateralmente para a realización das actuacións, todas as demais.

*Indicadores*

- N.º de medidas desenvolvidas e ano de realización
- N.º de actuacións levadas a cabo en cada medida
- N.º de persoas participantes desagregadas por sexo
- N.º de incidencias detectadas na realización da actuación
- N.º de propostas de mellora na medida desenvolvida

N O T A S





#### **4. Seguimiento e evaluación**

Unha vez aprobado en pleno municipal o IV Plan de equidade, o Concello daralle difusión a este documento a través de todos os medios posibles (envío da ligazón directa de descarga do informe a todas as concellerías e tamén, a posta a disposición na páxina web do Concello).

O seguimento dos plans de equidade veñen reflectidos na Ordenanza Municipal de Promoción da Equidade de Xénero (BOP nº. 46, do 25 de febreiro de 2013) en cuxo artigo 6 se estipula o seguinte:

*"1. A Concellería con competencias en igualdade será a responsable de facer o seguimento e avaliación deste, e valorará a oportunidade de actuar de maneira individual. (...)"*.

A avaliación realizarase de feito participativo (todas as concellerías e áreas responsables municipais posuían e rexistrarán a información necesaria para cada actuación). Para tal, empregárase a ficha seguinte coas medidas realizadas e as valoracións que delas se fagan (e que se incluírán nas consideracións previas que cómpre ter en conta no vindeiro Plan).

A información requirida encádrase en:

- Codificación da medida desenvolvida (denominación).
- Actuacións (denominación: que se fai?), data de realización (cando se fai?) e número de veces que se replica.
- Áreas municipais responsables.
- Orzamento destinado (cales foron os recursos que foi necesario empregar?; implicaron algún gasto?; a canto ascendeu?).
- Número de persoas participantes desagregadas por sexo.
- Breve descrición da valoración das actuacións realizadas dentro da medida rexistrada (isto inclúe rexistrar as incidencias que se presentaron para que, de agora en diante, poidan ser avaliadas).

## Ficha de avaliación do IV Plan de equidade. Concello de Ourense

Medidas:	Código (n.º liña / n.º medida):		
<b>Actuacións:</b>	Denominación e data de realización:		N.º:
Área responsable:			
P o b o a c i ó n destinataria:			
O r z a m e n t o destinado:			
Total participantes	Homes:	Mulleres:	Outros:
Breve descripción valoración e observacións (incidencias):			


Propostas de  
mellora:



## **Anexos**

## Anexo I. Cuestionario diagnóstico e achega de medidas

a) Imaxe web do uso usa da plataforma Jotform.



The image shows a screenshot of a web-based survey form. At the top, there is a header for 'Concello de OURENSE' with the coat of arms. The title of the survey is 'IV Plan de Equidade' and the subtitle is 'CUESTIONARIO DIRIXIDO A AXENTES QUE PARTICIPEN NO DIAGNÓSTICO PARA A ELABORACIÓN DO PLAN DE EQUIDADE'. The text explains that the survey is to identify and analyze evaluations for the plan and that it should take no more than 15 minutes. It thanks the respondent for their cooperation. Below this, there is a section titled 'Características das persoas colaboradoras' with two questions: '1. Por favor, indique a súa idade:' and '2. Sexo:'. The first question has five checkbox options: 'menos de 54 anos', 'de 55 a 60 anos', 'de 61 a 65 anos', 'de 66 a 70 anos', and 'de 71 a 75 anos', plus 'mais de 75 anos'. The second question has three radio button options: 'Home', 'Muller', and 'Outros'. The form is set against a background image of a town and a river.

b) PDF interactivo para enviar por correo electrónico.



## IV Plan de Equidade

CUESTIONARIO DIRIXIDO A AXENTES QUE PARTICIPEN NO DIAGNÓSTICO PARA A ELABORACIÓN DO PLAN DE EQUIDADE

As preguntas que lle solicitamos contestar a continuación teñen coma fin poder identificar e analizar as valoracións que teña a ben compartir para ter en conta na elaboración do PLAN DE EQUIDADE.

Estimamos que a realización do cuestionario non supera os 15 minutos.

Agradecemos sinceramente a súa colaboración.

### Características das persoas colaboradoras

#### 1. Por favor, indique a súa idade: \*

- menos de 54 anos
- de 55 a 60 anos
- de 61 a 65 anos
- de 66 a 70 anos
- de 71 a 75 anos
- máis de 75 anos

#### 2. Sexo: \*

- Inicio
- Muller
- Outros

### Consideracións previas do anterior III Plan de EQUIDADE

Vimos dunha situación especial, por mor do confinamento e da pandemia, onde moitas actividades programadas no marco do III Plan para a Promoción da equidade de Xénero por parte do Concello de Ourense tiveron que ser suspendidas e/ou postergadas.

No INFORME de seguimento das actividades levadas a cabo no ano 2020 no marco deste III Plan fíxose balance das medidas adoptadas e daquelas que non poideron ser executadas, por distintas razóns. A continuación, gustaríanos poder coñecer cales destas últimas consideras que debemos priorizar e/ou considerar incluír no vindeiro Plan.

**1. A continuación, presentámosche aquelas medidas que estiveron programadas anteriormente e que NON puideron realizarse por diversas circunstancias: áreas 1), 2) e 3). Indica o grao de IMPORTANCIA valorando a necesidade de incluílas no que vai a ser o vindeiro Plan de Equidade:**

NINGUNHA POUCA RELATIVA BASTANTE MOITA

1.7 Ofertar e acoller prácticas académicas e laborais no ámbito da igualdade e da conciliación	<input type="radio"/>	<input type="radio"/>	<input type="radio"/>	<input type="radio"/>	<input type="radio"/>
1.8 Formación específica para a capacitación do persoal municipal en materia de xénero	<input type="radio"/>	<input type="radio"/>	<input type="radio"/>	<input type="radio"/>	<input type="radio"/>
1.10 Aplicación da perspectiva de xénero nos programas e proxectos municipais	<input type="radio"/>	<input type="radio"/>	<input type="radio"/>	<input type="radio"/>	<input type="radio"/>
1.11 Facer un recoñecemento público das área ou departamentos municipais que avanzaran en materia de igualdade	<input type="radio"/>	<input type="radio"/>	<input type="radio"/>	<input type="radio"/>	<input type="radio"/>
1.12 Incorporar indicadores para todo o Concello da variable sexo/xénero nos rexistros/formularios	<input type="radio"/>	<input type="radio"/>	<input type="radio"/>	<input type="radio"/>	<input type="radio"/>
2.3 Actuacións para o fomento da creación de vogalías de muller no asociacionismo migrante.	<input type="radio"/>	<input type="radio"/>	<input type="radio"/>	<input type="radio"/>	<input type="radio"/>
2.6 Elaboración dunha guía de recursos actualizada	<input type="radio"/>	<input type="radio"/>	<input type="radio"/>	<input type="radio"/>	<input type="radio"/>
3.11 Posicionarse dende o concello na denuncia pública dos delitos de odio contra a diversidade	<input type="radio"/>	<input type="radio"/>	<input type="radio"/>	<input type="radio"/>	<input type="radio"/>

2. De seguido, aquelas medidas programadas que NON poideron realizarse nas áreas: 4), 5) e 6). Indica o grao de **IMPORTANCIA** valorando a necesidade de incluílas no que será o vindeiro Plan de Equidade:

	NINGUNHA	POUCA	RELATIVA	BASTANTE	MOITA
4.1 Diseñar recomendacións técnicas na aplicación da transversalidade de xénero no concello	<input type="radio"/>	<input type="radio"/>	<input type="radio"/>	<input type="radio"/>	<input type="radio"/>
4.2 Incorporar nas bases dos pregos de contratación, concursos e convenios, baremos puntuables de igualdade	<input type="radio"/>	<input type="radio"/>	<input type="radio"/>	<input type="radio"/>	<input type="radio"/>
4.3 Realización de reunións informativas das novas directrices técnicas de baremación para as empresas e entidades prestadoras de servizos para o concello	<input type="radio"/>	<input type="radio"/>	<input type="radio"/>	<input type="radio"/>	<input type="radio"/>
4.8 Realización de obradoiros de promoción da autonomía para homes que viven só: control de medicación, comidas saudables, autocoidados...	<input type="radio"/>	<input type="radio"/>	<input type="radio"/>	<input type="radio"/>	<input type="radio"/>
5.4 Prevención de actitudes violentas e discriminatorias en bibliotecas e ludotecas	<input type="radio"/>	<input type="radio"/>	<input type="radio"/>	<input type="radio"/>	<input type="radio"/>

5.5 Incluir valores de igualdade nas bases de concursos literarios, artísticos, fotográficos...	<input type="radio"/>	<input type="radio"/>	<input type="radio"/>	<input type="radio"/>	<input type="radio"/>
6.3 Revisión e inclusión nos folletos turísticos de referencias a contidos e imaxes que visibilicen o papel das mulleres na historia da cidade	<input type="radio"/>	<input type="radio"/>	<input type="radio"/>	<input type="radio"/>	<input type="radio"/>
6.5 Fomentar a participación no gremio da hostelería nos concursos, feiras e certames nos que colabore o concello	<input type="radio"/>	<input type="radio"/>	<input type="radio"/>	<input type="radio"/>	<input type="radio"/>

3. Agora tamén, aquelas medidas programadas que NON poideron realizarse nas áreas: 7), 8), 9) e 10). Indica o grao de **IMPORTANCIA** valorando a necesidade de incluílas no que será o vindeiro Plan de Equidade:

	NINGUNHA	POUCA	RELATIVA	BASTANTE	MOITA
7.3 Promover a organización dun campamento deportivo pola igualdade nos períodos vacacionais	<input type="radio"/>	<input type="radio"/>	<input type="radio"/>	<input type="radio"/>	<input type="radio"/>
7.6 Planeamento dunha progresiva reforma arquitectónica e de instalación de cambia-cueiros nos equipamentos deportivos municipais	<input type="radio"/>	<input type="radio"/>	<input type="radio"/>	<input type="radio"/>	<input type="radio"/>
9.7 Desenvolver programas de «madríñaxe» (fomento do autoemprego das mulleres e compartir experiencias)	<input type="radio"/>	<input type="radio"/>	<input type="radio"/>	<input type="radio"/>	<input type="radio"/>
9.10 Relanzar os plans de empresa e seguimento personalizado	<input type="radio"/>	<input type="radio"/>	<input type="radio"/>	<input type="radio"/>	<input type="radio"/>
10.3 Promover a creación de salas de aleitamento e de cambio de cueiros nos edificios públicos, especialmente, municipais	<input type="radio"/>	<input type="radio"/>	<input type="radio"/>	<input type="radio"/>	<input type="radio"/>
10.6 Consultar ao Consello municipal de Igualdade a idoneidade das liñas de transporte urbano	<input type="radio"/>	<input type="radio"/>	<input type="radio"/>	<input type="radio"/>	<input type="radio"/>

4. Por último, aquelas medidas programadas que NON poideron realizarse nas áreas: 11), 12) e 13). Indica o grao de **IMPORTANCIA** valorando a necesidade de incluílas no que será o vindeiro Plan de Equidade:

	NINGUNHA	POUCA	RELATIVA	BASTANTE	MOITA
11.2 Compromiso (cláusula común) do emprego da linguaxe inclusiva e non sexista (no concello e extensible as entidades colaboradoras)	<input type="radio"/>	<input type="radio"/>	<input type="radio"/>	<input type="radio"/>	<input type="radio"/>

11.6 Recoñecemento público con carácter anual á área ou departamento que tivera avanzado na incorporación da linguaxe inclusiva e non sexista	<input type="radio"/>	<input type="radio"/>	<input type="radio"/>	<input type="radio"/>	<input type="radio"/>
12.1.4 Realización de formación en materia de Violencia de Xénero para profesionais: indicadores de detección, protocolos, recursos, etc.	<input type="radio"/>	<input type="radio"/>	<input type="radio"/>	<input type="radio"/>	<input type="radio"/>
12.2.2 Garantir que a cidade de Ourense posúa pisos de transición para as situación de violencia	<input type="radio"/>	<input type="radio"/>	<input type="radio"/>	<input type="radio"/>	<input type="radio"/>
13.2 Impulsar un estudo sobre hábitos nutricionais e de saúde que teñan en conta os factores de xénero	<input type="radio"/>	<input type="radio"/>	<input type="radio"/>	<input type="radio"/>	<input type="radio"/>
13.7 Desenvolver programas en torno á saúde materno-infantil (aleitamento, sexualidade durante o embarazo, masaxes para bebés, etc)	<input type="radio"/>	<input type="radio"/>	<input type="radio"/>	<input type="radio"/>	<input type="radio"/>
13.9 Coordinar conxuntamente co Hospital a creación dun banco de leite do Concello	<input type="radio"/>	<input type="radio"/>	<input type="radio"/>	<input type="radio"/>	<input type="radio"/>
13.10 Difundir e crear o programa "Aleitar e traballar" de fomento da conciliación e da corresponsabilidade	<input type="radio"/>	<input type="radio"/>	<input type="radio"/>	<input type="radio"/>	<input type="radio"/>
13.11 Realización de obradoiros de supervivencia doméstica, corresponsabilidade no fogar, tarefas de coidado de maiores e menores, autocoidado e cociña só para homes (nenos, mozos ou maiores)	<input type="radio"/>	<input type="radio"/>	<input type="radio"/>	<input type="radio"/>	<input type="radio"/>

### VALORACIÓNS para implementar no IV Plan de EQUIDADE

A continuación, imos a dar a coñecer as liñas estratéxicas do vindeiro Plan. Valora e sinala aquelas medidas que consideres deban realizarse...

5. Indique a orde de prioridade que deberan ter as seguintes liñas estratéxicas do vindeiro Plan, o número 1 para a primeira, o número 2 para a segunda, etc.:

	NÚMERO
Liña 1. GOBERNANZA CARA A IGUALDADE (dimensión interna na aplicación da transversalidade de xénero)	<input type="text"/>
Liña 2. PROMOCIÓN DA IGUALDADE NA SAÚDE E NO DEPORTE	<input type="text"/>
Liña 3. ECONOMÍA E EQUIDADE	<input type="text"/>
Liña 4. SERVIZOS E RECURSOS INSTITUCIONAIS	<input type="text"/>

Liña 5. CIDADANÍA E URBANISMO

Liña 6. PREVENCIÓN DAS VIOLENCIAS DE XÉNERO

6. Sinala tres medidas que considera necesarias no marco das liñas 1 (gobernanza) e 2 (promoción na saúde e no deporte):

1.

6.1

2.

6.2

3.

6.3

7. Sinala tres medidas que considera necesarias no marco das liñas 3 (economía e equidade) e 4 (servizos e recursos institucionais):

1.

7.1

2.

7.2

3.

7.3

8. Sinala tres medidas que considera necesarias no marco das liñas 5 (cidadanía e urbanismo) e 6 (prevención das violencias de xénero):

1.

8.1

2.

8.2

3.

8.3

**MOITAS GRAZAS POLA SÚA ATENCIÓN E COLABORACIÓN**

Se nos quere facer chegar algún comentario, adiante.

Enviar

## Anexo II. Guión dos grupos de discusión



*Diagnóstico social e elaboración do IV PLAN DE IGUALDADE 2021-2023*

### **Grupos de discusión**

A dinámica do Grupo de Discusión versará sobre unha conversación colectiva dos temas xerais que se adiantan a continuación. Pense que o principal obxectivo do grupo é crear un efecto sinérxico sobre os/as participantes no que se dean non só as opinións de todos/as senón tamén os estímulos de resposta múltiple coas reaccións que ofrecen os demais integrantes do grupo. Por iso, toda achega será benvinda. Para que a xestión de posibles discrepancias se poidan xerar nun clima de aceptación e seguridade, debe saber que se garantirá a máxima confidencialidade sobre as opinións verquidas no grupo e que serán empregadas na análise de discurso de forma anónima.

#### **1º Bloque. Valoración de cada área de intervención do Plan de Igualdade. Prioridades.**

- 1.1 Corresponsabilidade da administración na promoción da igualdade.
- 1.2 Promoción da igualdade no Asociacionismo e na participación cidadá.
- 1.3 Promoción das diversidades de xénero
- 1.4 Promoción do benestar social en igualdade
- 1.5 Promoción da igualdade desde a cultura, as artes e as bibliotecas
- 1.6 Promoción da igualdade desde o turismo
- 1.7 Promoción da igualdade no deporte
- 1.8 Promoción da igualdade desde a educación
- 1.9 Promoción da igualdade de oportunidades no emprego
- 1.10 Promoción da igualdade no uso do espazo público, no planeamento urbanístico, na mobilidade e no medioambiente
- 1.11 Promoción dunha linguaxe e imaxes non sexistas
- 1.12 Prevención das violencias de xénero
- 1.13 Promoción da igualdade na saúde.

#### **2º Bloque. Necesidades detectadas e demandas.**

- 2.1 Relación coa administración local, outras administracións, servizos públicos.
- 2.2 Relación/convivencia co tecido da sociedade civil organizada en Ourense: asociacións, entidades non lucrativas, sindicatos, outras...
- 2.3 Demandas de servizos públicos, privados e de compras, lecer, mobilidade, sociabilidade, seguridade e das dotacións.

#### **3º Bloque. Expectativas futuras e recomendacións.**

- 3.1 Que se espera do futuro respecto da igualdade?.
- 3.2 Recomendacións a ter en conta non mencionadas.
- 3.3 Outras consideracións, opinións, valoracións...

**GRAZAS POLA VOSA COLABORACIÓN**

**Anexo III. Actas do Consello Municipal da Igualdade de Oportunidades entre Mulleres e Homes e da Comisión de Investigación e Seguemento da Violencia de Xénero**





Concello de  
**OURENSE**

## **ACTA DO CONSELLO MUNICIPAL DA IGUALDADE DE OPORTUNIDADES ENTRE MULLERES E HOMES**

**Data:** 20 de outubro de 2021

**Hora:** 19.30 h. en segunda e definitiva convocatoria.

**Lugar:** Concellaría de Igualdade-CIMM (Rúa do Ensino, 24).

### **ORDE DO DÍA:**

1. Lectura e aprobación, se procede, da acta da sesión anterior.
2. Reasunción da presidencia do Consello Municipal da Igualdade de Oportunidades entre Mulleres e Homes pola concelleira de Igualdade, Eugenia Díaz Abella.
3. Propostas para a conmemoración do 25N, Día Internacional para a eliminación da violencia contra as mulleres.
4. Participación nos grupos de discusión dirixidos pola consultora de xénero Silvia Pérez Freire para a elaboración do **IV Plan Municipal para a promoción da equidade de xénero do Concello de Ourense.**
5. Rogos e preguntas.

### **ASISTENCIA:**

Presidenta: Eugenia Díaz Abella (Concelleira de Igualdade)

Secretaria: M<sup>a</sup> Elena De Jesús Rodríguez (Directora do CIM)

Vocais: Ana Pérez Cardoso (Educadora do CIMM)

Milagros Sierra Gómez (Federación de AAVV "Limiar")

Patricia Vázquez Quintela (APES)

Victoria Eugenia Diéguez Guerrero (Foro feminista "Falando nós")

Xosé Luis Seara Fernández (BNG)

Silvia Pérez Freire (Consultora de xénero, invitada)

# ACTA DA REUNIÓN ORDINARIA DA COMISIÓN DE INVESTIGACIÓN E SEGUIMENTO DA VIOLENCIA DE XÉNERO

LUGAR: Concellería de Igualdade. R/Ensino, 24. 32002 Ourense

DATA: 8 de novembro de 2021

HORA DE COMEZO: 11.00 h

## ASISTENTES

D<sup>a</sup>. Eugenia Díaz Abella. Presidenta da Comisión

D<sup>a</sup>. Beatriz López Varela. Secretaria da Comisión. Asesora Xurídica do Centro de Información Municipal ás Mulleres (en adiante, CIMM)

D<sup>a</sup>. María Elena De Jesús Rodríguez. Directora e psicóloga do CIMM

D<sup>a</sup>. María Martínez Rodríguez. Traballadora social S. Sociais Concello

D<sup>a</sup>. María Alida Iglesias Gil. Unidade de Violencia. Subdelegación do Goberno

D. Ramón Salvador Álvarez Álvarez. Policía Autonómica

D. Manuel Sánchez Sánchez. Policía Local

D. Fernando Nieves Espiñeira. Policía Local

D<sup>a</sup>. Paula Gómez Justo. Colexio da Avogacía de Ourense (en adiante, ICA)

D<sup>a</sup>. Paula Casado Prol. Cruz Vermella

D<sup>a</sup>. Laura Cruz Cruz. Guardia Civil. EMUME

D<sup>a</sup>. María Xosé Vázquez Vázquez. Traballadora Social do Complexo Hospitalario Ourense



D<sup>a</sup>. Ana Belén Yáñez Fernández. Traballadora social. Oficina de Atención ás Víctimas de Violencia de Xénero

D. Roberto Álvarez González. Policía Nacional

D<sup>a</sup>. Tamara Méndez Fernández. Médica forense. IMELGA

D<sup>a</sup>. Iria Cristina González Cal. Psicóloga forense. IMELGA

D<sup>a</sup>. Fátima González Alonso. Punto de encontro familiar (en adiante, PEF)

#### ESCUSARON A SÚA AUSENCIA:

D<sup>a</sup>. M<sup>a</sup> José González Outomuro. Gabinete de Orientación e Mediación Familiar (GOF)

D<sup>a</sup>. Natalia Iglesias Goyanes. Programa Afrodita para mulleres inmigrantes. Ecos do Sur

D<sup>a</sup>. Luisa Rodríguez Arias. Concellería de Saúde. Concello de Ourense

D. Felipe Bardelás Mosquera. IMELGA

D<sup>a</sup>. María Celsa Perdiz Álvarez. Centro de Orientación Familiar (COF)

#### ORDE DO DÍA :

- 1.- Aprobación, se procede, da acta da sesión anterior (Achégase).
- 2.- Reasunción da presidencia da Comisión de investigación e seguimento de violencia de xénero pola concelleira de Igualdade Eugenia Díaz Abella.
- 3.- Posta en común e valoración da situación actual das violencias de xénero en Ourense.
- 4.- Propostas para a conmemoración do 25N, Día Internacional para a eliminación da violencia contra as mulleres.



5.- Participación nos grupos de discusión dirixidos pola consultora de xénero Silvia Pérez Freire para a elaboración do IV Plan Municipal para a promoción da equidade de xénero do Concello de Ourense.

6.- Rogos e preguntas.

## **DELIBERACIÓNS:**

### **1. Aprobación, se procede, da acta da sesión anterior (Achégase).**

Apróbase por asentimento.

### **2.- Reasunción da presidencia da Comisión de investigación e seguimento de violencia de xénero pola concelleira de Igualdade Eugenia Díaz Abella.**

A concelleira agradece a todas as persoas participantes a súa presenza na reunión e informa que desde xuño volve a ser a responsable de Igualdade e, polo tanto, reasume a presidencia da Comisión de investigación e seguimento da violencia de xénero. Ponse a disposición de todas e todos os presentes para o traballo conxunto.

### **3. Posta en común e valoración da situación actual das violencias de xénero en Ourense.**

A directora do CIMM, informa sobre a incorporación da educadora social, Ana Pérez Cardoso que realiza, entre outras funcións, o primeiro acollemento, información e axudas económicas e sociais para as mulleres vítimas. Tamén retomamos, con ela, o programa NEXOS neste momento limitado ás mulleres que atendemos no CIM, xa que a asesoría xurídica e psicolóxica atende a unhas 200 mulleres ao ano. Sen prexuízo de que se formen en adiante máis grupos con usuarias que procedan doutros servizos. Actualmente o grupo é de 15 mulleres.

O Programa Coeduca, púxose xa en marcha o ano pasado e seguirá este ano durante as vacacións escolares.

A preguntas de María Alida Iglesias, intervén a Presidenta informando que nos centros cívicos hai actividades de reforzo durante todo o ano e actividades de conciliación durante as vacacións escolares.

### **4. Propostas para a conmemoración do 25N, Día Internacional para a eliminación da violencia contra as mulleres.**

A directora do CIMM informa sobre as actividades de cine, teatro e monicreques dirixidos á poboación xeral. O acto institucional, coa colaboración do Colexio Luis





SECRETARÍA DE ESTADO  
DE IGUALDAD  
Y CONTRA LA VIOLENCIA DE GÉNERO  
DELEGACIÓN DEL GOBIERNO  
CONTRA LA VIOLENCIA DE GÉNERO